

CONTRATO
PLURIANUAL DE XESTIÓN DA
FUNDACIÓN PÚBLICA GALICIA
EUROPA

CONTRATO PLURIANUAL DE XESTIÓN DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALICIA EUROPA**ÍNDICE**

A.	INTRODUCCIÓN	2
B.	CLAUSULAS	4
1.	Obxecto e estrutura do Contrato Plurianual de Xestión	4
2.	Vixencia do Contrato Plurianual de Xestión	4
3.	Misión, visión, diagnóstico da situación actual e obxectivos	4
i.	Misión	4
ii.	Visión e valores	5
iii.	Diagnóstico da situación	6
iv.	Formulación estratéxica 2024-2025: obxectivos estratéxicos e operativos	12
4.	Indicadores	21
5.	Marco económico- financeiro.	21
6.	Marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos	23
7.	Política retributiva	24
8.	Compromisos recíprocos	24
9.	Condicións en base ás que se consideran cumpridos os obxectivos do contrato de xestión	25
10.	Criterios e mecanismos para a esixencia de responsabilidades ao persoal directivo	26
11.	O procedemento para a introdución de modificacións ou adaptacións	26
12.	A Comisión de Seguimento e Control	27
	ANEXO I: Fichas co detalle dos obxectivos estratéxicos, obxectivos operativos e valores a acadar nos indicadores	30
	OBXECTIVO ESTRATÉXICO Nº 1	30
	OBXECTIVO ESTRATÉXICO Nº 2	36
	OBXECTIVO ESTRATÉXICO Nº 3	42
	OBXECTIVO ESTRATÉXICO Nº 4	48
	OBXECTIVO ESTRATÉXICO Nº 5	51
	ANEXO II: Cadro resumo de indicadores	55
	ANEXO III: Ficha descritiva do indicador	58
	ANEXO IV: Distribución dos recursos económicos por obxectivos	90
	ANEXO V: Recursos Humanos asociados a cada obxectivo operativo	99

A. INTRODUCCIÓN

1.- A Fundación Pública Galicia Europa foi creada o 15 de febreiro de 1988 segundo consta na acta fundacional do Padroado, e constituída por escritura outorgada nesa data ante o notario que foi de Santiago de Compostela José Antonio Montero Pardo, con número de protocolo 209, como unha organización, de natureza fundacional do sector público autonómico, de interese galego, sen ánimo de lucro, e cuxo patrimonio está afectado de xeito duradeiro á realización dos seus fins fundacionais.

A FGE, constituída unha vez inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar podendo, en consecuencia, realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

A FGE é unha entidade instrumental da Xunta de Galicia que desde 1988 desempeña un papel fundamental na representación dos intereses de Galicia ante a Unión Europea e brinda apoio ás diferentes Consellerías en asuntos europeos. A Lei 10/2021, de 9 de marzo, de regulación da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, recoñece que a FGE ten o mandato da administración rexional para exercer a representación rexional de Galicia ante as institucións e órganos da Unión Europea, seguindo as directrices do Goberno autónomo e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado.

A FGE desenvolve as súas actividades principalmente na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de poder acometer actuacións fóra de Galicia, cando estas teñan por obxecto a consecución de fins de interese xeral para Galicia relacionados co seu obxecto fundacional. Por isto, ademais da súa sede en Santiago de Compostela, conta cunha oficina na Rue de la Loi, 38, 2º, bte.2 1040 Bruxelas (Bélxica).

2.- A lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico (LOFAXGA) no seu artigo 45 recolle que se aplicaran as previsións do título III da lei ás fundacións do sector público autonómico. Así mesmo, na sección 3ª artigo 113 e seguintes da mesma lei recollese a regulamentación das fundacións do sector público autonómico nas que se enmarca a Fundación Pública Galicia Europa.

Así mesmo, a Lei 12/2011, de 26 de decembro, que modificou o Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, recolle a posibilidade de asinar contratos programa (que se equiparan os contratos plurianuais de xestión) ás entidades tales como: as entidades públicas empresariais, as sociedades mercantís públicas autonómicas, as fundacións do

sector público autonómico, os consorcios públicos autonómicos e demais entidades instrumentais do sector público autonómico non recollidas no presuposto consolidado.

O 4 de marzo de 2021 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan Xeral de Xestión e Mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia (2021- 2023), de acordo coa previsión do artigo 20 da Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración. A través do dito plan, establececese a política de xestión da calidade da Comunidade Autónoma de Galicia, recollendo como primeira acción a aprobación dun programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia

Posteriormente, o Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión do 29 de abril de 2021 o **Programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público** autonómico de Galicia, coa finalidade de impulsar a elaboración e aprobación dos instrumentos de xestión das entidades instrumentais, e cuxa planificación prevé dotar de contratos plurianuais de xestión, entre outras, ás fundacións do sector público autonómico

3.- Os contratos plurianuais de xestión son instrumentos de natureza xurídica convencional, e recollen os compromisos que teñen que cumprir os entes no ámbito da actividade que desenvolven, tendo presente o seu obxecto, e tamén os compromisos que reciprocamente asume a Administración da Xunta de Galicia con eles.

O contido deste contrato plurianual de xestión aprobouse, en termos de proposta, polo Padroado da Fundación Pública Galicia Europa, por acordo de data dede e, con carácter definitivo, polo Consello da Xunta de Galicia, na sesión celebrada o día

B. CLAUSULAS

1. Obxecto e estrutura do Contrato Plurianual de Xestión

O obxecto deste Contrato Plurianual de Xestión é establecer o marco de relacións entre a Fundación Pública Galicia Europa e a Xunta de Galicia e, polo tanto, determinar os compromisos asumidos por cada unha das partes.

A estes efectos, neste documento trátase de regular a actividade da Fundación Pública Galicia Europa mediante a determinación dos diferentes obxectivos conducentes ao cumprimento da súa misión, así como reflectir o enfoque estratéxico que debe darse á realización dos mesmos e a asignación dos recursos orzamentarios e a dotación de persoal precisa para levar a cabo devanditas actividades.

Este documento estrutúrase partindo dos aspectos máis xerais e estratéxicos ata o aos mais particulares e operativos. Así, en primeiro lugar, recóllese tanto o obxecto do contrato como a súa vixencia. Deseguido, determínanse cales serán os obxectivos estratéxicos e operativos que definen os resultados que se esperan acadar dentro do marco temporal do contrato de xestión. A continuación, defínense os indicadores de medición de ditos resultados.

Complétase a regulación contida neste contrato mediante unha serie de cláusulas que regulan diversos aspectos tales como o marco económico- financeiro, os compromisos recíprocos, o réxime de responsabilidades, a súa revisión e modificación, e o seu seguimento, avaliación e control.

2. Vixencia do Contrato Plurianual de Xestión

A vixencia deste contrato plurianual de xestión comezará ao día seguinte ao da súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia e estenderase ata o 31 de Decembro de 2025.

3. Misión, visión, diagnóstico da situación actual e obxectivos

i. Misión

A misión da Fundación Pública Galicia Europa é representar, promover e defender os intereses xerais de Galicia ante a Unión Europea, desenvolvendo accións que acheguen Galicia á realidade europea e difundindo os valores europeos na sociedade galega.

A FGE contribúe, por unha banda, ao fortalecemento institucional da comunidade autónoma, exercendo e colaborando na representación autonómica galega ante as

institucións da Unión Europea e, por outra, ao crecemento económico e ao benestar social de Galicia a través dunha participación activa en iniciativas europeas.

A súa misión inclúe:

- **Defensa de intereses galegos ante a UE:** Realizar o seguimento constante e a análise das políticas europeas dende unha perspectiva galega e participar nos debates que inflúen na súa formulación, apoiar a participación de Galicia en institucións e organismos comunitarios e difundir boas prácticas e colaborar con outras rexións europeas.
- **Promoción da participación galega en proxectos europeos:** Mellorar o acceso aos fondos comunitarios, facilitando así a participación de entidades galegas en programas europeos e a aplicación en Galicia das políticas e recomendacións europeas.
- **Información e sensibilización:** Proporcionar información sobre a Unión Europea en Galicia a través dunha presenza activa en medios dixitais e redes sociais, así como a organización de eventos e programas de formación e bolsas relacionados coa UE..

ii. Visión e valores

A FGE aspira a ser recoñecida como un axente líder na promoción e defensa dos intereses de Galicia no ámbito da Unión Europea, contribuíndo activamente á mellora do benestar e a prosperidade da nosa comunidade autónoma a través dunha presenza efectiva nas institucións e organismos comunitarios. Buscamos ser unha fonte fiable de información sobre a UE en Galicia e un facilitador esencial para que as entidades galegas participen en programas europeos.

En tanto que entidade enfocada en promover a colaboración e a cooperación entre Galicia e Europa, aspiramos a pór no centro da nosa acción os seguintes valores:

- **Europeidade:** estamos comprometidos coa identidade, a cultura e os valores europeos e fomentamos a cooperación entre Galicia e outras rexións europeas.
- **Interese público:** traballamos en beneficio da comunidade galega, priorizando o benestar e os intereses da sociedade en lugar de intereses privados.
- **Innovación:** fomentamos o desenvolvemento de solucións novas para abordar os desafíos comúns de Galicia e Europa.
- **Colaboración:** traballamos en conxunto con outras organizacións, institucións e partes interesadas para lograr os nosos obxectivos e maximizar o seu impacto.
- **Transparencia:** mantemos unha comunicación aberta en todas as actividades da Fundación para construír a confianza da comunidade.
- **Respecto:** promovemos o trato respectuoso cara a todas as persoas, culturas e opinións, fomentando un ambiente de entendemento e tolerancia.

iii. Diagnóstico da situación

Dous anos despois do ingreso de España nas Comunidades Europeas, a Xunta de Galicia decide crear, coa colaboración das principais entidades financeiras galegas, unha entidade que sirva de ligazón directa coa capital comunitaria. Así nace, o 15 de febreiro de 1988, a Fundación Pública Galicia Europa, establecendo unha oficina en Bruxelas e outra en Santiago de Compostela.

Unha sentenza do Tribunal Constitucional ditada seis anos máis tarde habilitará ás comunidades autónomas a abrir delegacións ante a UE na capital comunitaria, mais a Xunta de Galicia opta por non dar á oficina un carácter político e preservar o seu carácter aberto a toda a sociedade galega, insistindo nos seus obxectivos fundacionais: información, formación e promoción dos asuntos europeos en Galicia e dos intereses galegos na UE.

Nestes 35 anos, a actividade da FGE vai evolucionando en paralelo ao crecemento do proxecto de construción europea, ao desenvolvemento do sector público autonómico e á implantación das tecnoloxías e novos modos de comunicación.

Así, aínda que nos primeiros anos o labor da FGE se centraba esencialmente no achegamento da realidade comunitaria á sociedade galega mediante a organización de cursos, a publicación de libros ou a concesión de bolsas para estudos, a FGE pasa a situar a defensa dos intereses de Galicia ante a UE na primeira liña o que a leva a ser recoñecida oficialmente como representante da Xunta de Galicia ante as institucións e órganos da UE: no Decreto de Acción Exterior de Galicia de 2015, previa designación como ente instrumental do sector público autonómico en 2010, e posteriormente na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia

A continuación, detállanse os principais logros na historia da FGE divididos por áreas de traballo:

Defensa dos intereses de Galicia ante a UE

Entre os fitos que marcaron o labor da FGE en Bruxelas, destacan: o establecemento do Comité Europeo das Rexións (CdR) en 1994, a creación da Consellería de Asuntos Autonómicos na Representación Permanente de España ante a UE (REPER) en 1996, a posta en marcha dunha rede de colaboración entre as oficinas de CCAA en Bruxelas (CORE) en 2002 e o acordo para a participación das comunidades autónomas no Consello da UE en 2004. Todos eles supuxeron novas vías para a defensa dos intereses de Galicia ante a UE que foron afianzándose co tempo.

No CdR, salientamos a elaboración de 12 ditames por parte dos membros galegos nos ámbitos de pesca, cooperación ao desenvolvemento e política de cohesión,

fundamentalmente; a coordinación da delegación española entre os anos 1998 e 2000 e a organización de dúas reunións de comisión máis senllos seminarios en Baiona (2007) e Santiago (2022). Pero sobre todo destaca o aumento do peso político que está a gañar o CdR no armazón institucional, algo ao que sen dúbida contribúe a representación galega que conta co apoio continuado da FGE.

A rede CORE resulta dunha gran utilidade para o seguimento e análise das políticas europeas, tanto polas reunións periódicas que organiza como os boletíns informativos e alertas que se difunden nela. Esta rede permite unha interlocución continuada coas institucións comunitarias e coa REPER, algo que non sería posible para unha rexión en solitario. Nos inicios da rede, a FGE coordinou os grupos de pesca e de cohesión, dada a súa especialización nestes temas. Dende 2017 coordina de novo o grupo de cohesión.

Mención especial merece a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas, e a Comisión do Arco Atlántico en particular. Creada hai 50 anos para defender os intereses específicos das rexións máis afastadas do centro de toma de decisións, hoxe converteuse nun grupo de interese moi recoñecido a escala europea que continúa traballando nas áreas que máis preocupan a estas rexións: cohesión territorial, accesibilidade, asuntos marítimos... A FGE asegura a participación galega en moitas das súas reunións e fomenta a implicación directa dos departamentos da Xunta nos seus traballos. Entre 2017 e 2022, a FGE liderou en nome da Xunta de Galicia, o Grupo Operativo Brexit co obxectivo de alertar sobre os efectos nas rexións atlánticas da saída de Reino Unido da UE, logrando a creación en 2020 da Reserva de Axuste ao Brexit, da que España recibiu preto de 280 millóns de euros.

A FGE propiciou tamén a adhesión de varios departamentos do sector público autonómico a outras redes de cooperación rexional máis específicas. É o caso de NECSTOUR, no ámbito do turismo sustentable, ao que se uniu ATURGA en 2015; o da Vanguard Initiative, en materia de cooperación industrial, á que se uniu GAIN tamén en 2015 ou o de ERRIN, no campo da I+D+i, na que participa Galicia desde a súa constitución en 2001.

Ademais destas redes, as institucións europeas poñen en marcha iniciativas moi variadas e complexas para o intercambio de coñecemento a nivel europeo e a xeración de innovación cara ás que a FGE trata de atraer participación galega. Por exemplo, a FGE traballou co SERGAS para a súa inclusión no Partenariado Europeo de Innovación no ámbito do Envellecemento Activo e Saudable (EIP-AHA) en 2013, e na candidatura para a comunidade de coñecemento e innovación (EIT KIC) no eido da saúde en 2014. As actuais Misións da UE, a plataforma comunitaria do Pacto Rural ou os itinerarios de transición industrial son algunhas outras destas iniciativas agora en marcha.

De entre a multitude de temas nos que a FGE traballa cos departamentos da Xunta de Galicia para a defensa dos seus intereses na UE, destacamos:

- **Política de cohesión:** Galicia é unha das principais rexións perceptoras dos fondos vinculados a esta política comunitaria, a cal representa un terzo do orzamento comunitario. Por iso, a FGE puxo en marcha estratexias nas sucesivas negociacións do marco financeiro plurianual co fin de evitar unha redución significativa da asignación a Galicia a medida que seu PIB ía aumentando en relación coa media europea. No 2014-2020, conseguiu manter o 80% dos fondos a pesar de que Galicia pasou a estar considerada como rexión máis desenvolvida, e no 2021-2027, propiciou unha asignación similar ao período anterior, pese ao apoio extraordinario recibido previamente. Para iso, a FGE elaborou documentos de posición e informes, organizou visitas institucionais e seminarios, defendeu a posición galega en diversos foros e conseguiu que tanto o presidente como os conselleiros interviñesen en varias edicións do Foro Europeo de Cohesión, que se celebra cada tres anos.
- **Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T):** o Corredor Atlántico definido en 2013 como un conxunto multimodal de infraestruturas prioritarias para vertebrar o Oeste de Europa apenas se achegaba á costa atlántica, polo que a Xunta de Galicia e a FGE levaron a cabo diferentes accións para redefinir este Corredor. Finalmente, en 2018 a UE estendeu o seu trazado até Galicia, aumentando así tanto o compromiso das autoridades competentes por concluír estas infraestruturas en 2030 como as posibilidades de financiamento a nivel europeo.
- **Política Pesqueira Común:** a FGE fai valer a condición de Galicia como primeira rexión pesqueira a nivel europeo e apoia á Consellería do Mar nos seus diferentes contactos coas institucións comunitarias, principalmente nas reformas desta política en 2002 e 2013. Un bo exemplo da acción en Bruxelas é como, debido ás presións galegas e do sector, a Comisión Europea retirou en 2015 a proposta de prohibición das redes de enmalle á deriva, entre as que se incluía o xeito, unha arte con gran tradición en Galicia.
- **Demografía:** a preocupación polo despoboamento e envellecemento poboacional en Galicia levou á FGE a unirse en 2006 a unha rede informal de rexións (DCRN) que traballa por chamar a atención das institucións europeas sobre os retos demográficos aos que se enfrontan certas partes de Europa. A designación dunha vicepresidencia da Comisión Europea encargada deste tema en 2019 e a axenda política aparellada desde entón supoñen un recoñecemento ao traballo previo da DCRN. A FGE ten organizado, ademais, varias visitas institucionais e seminarios en Bruxelas sobre este tema.
- **Sector do automóbil:** o peso deste sector na economía galega levou á FGE a incluír a Galicia en diferentes redes de cooperación: o Grupo Interrexional do Automóbil en 2007 e a Alianza de Rexións pola Automoción en 2022. Isto permitiu á Xunta de Galicia e a outras entidades como CEAGA compartir as súas experiencias e preocupacións con outras rexións e coas institucións comunitarias de cara a impulsar a competitividade do sector en Europa.

Un último asunto a destacar son as actividades de promoción cultural, económica e turística en Bruxelas, que durante anos a FGE desenvolveu como actividade complementaria á defensa dos intereses galegos perante a UE. Catas de viños, organizacións de exposicións, concertos e conferencias, cursos de galego e ata un cocido de Lalín serviron para reunir á comunidade galega na capital comunitaria e dar a coñecer a cultura galega.

Promoción da participación galega en proxectos europeos

Ante unha eventual redución do financiamento comunitario procedente da política de cohesión na década dos 2000, a FGE fixo especial fincapé en explicar as diferentes formas de acceder ao financiamento comunitario, especialmente ao xestionado directamente polas institucións comunitarias. Publicou así unha primeira guía en 2007, seguida doutra en 2010 destinada a emprendedores, outra en 2014 correspondente ao período financeiro 2014-2020 e a última, en 2021, en relación co actual marco.

En 2015 puxo en marcha o seu programa de especialización en financiamento comunitario, "TecEuropa", no que teñen participado máis de 1.000 persoas nas 19 edicións organizadas, constituíndo así o xerme dunha rede de técnicos en proxectos europeos. Hoxe, a FGE pretende servir de porta de entrada ao labirinto de financiamento comunitario, especialmente para aquelas entidades galegas ou persoas sen experiencia.

Información sobre a UE en Galicia

Nos anos 90 a FGE centrouse na publicación de obras e normativa comunitaria en lingua galega coa edición de preto de 30 obras divididas en tres coleccións: Monografías, con títulos como "Europa ao seu alcance", Normativa Comunitaria e Textos Básicos da Unión Europea. Comezou tamén a elaboración dun boletín mensual en colaboración cos centros da rede galega de información europea creada en 1997. A distribución en papel do Boletín Galicia Europa chegaba en 2002 a 1.800 destinatarios como concellos, universidades e centros xuvenís.

A nivel interno, nos anos 2000 a FGE elaboraba informes quincenais e semestrais sobre a Unión Europea, información que foi trasladando pouco a pouco aos medios dixitais coa creación dunha primeira páxina web en 1996, unha nova en 2007, e a actual, posta en marcha en 2022.

A FGE iniciouse nas redes sociais en 2010, nas que hoxe conta con máis de 6.000 seguidores. O boletín electrónico mensual chega hoxe a 1.400 subscritores e o portal web recibe unha media de 1.680 visitas por mes.

Achega da UE á mocidade galega

A sinatura dun convenio en 1997 co departamento da Xunta competente en materia de xuventude deu pé á Oficina Europea de Información Xuvenil, que, durante máis de 20 anos, ofreceu información sobre as posibilidades de formación e traballo na UE. En 2019

esta oficina pasa a converterse na plataforma virtual EuroXuventude, que segue a ofrecer información sobre a UE adaptada ao público máis novo.

En 2004, a FGE emprendeu un primeiro proxecto europeo, “Participa”, de promoción dos mozos na vida pública, que foi seguido de catro máis: Ecoinnova, Emprende, Lidera e Eurocidade 2020. Estes proxectos deron a oportunidade a centos de persoas novas de achegarse ás políticas e programas de financiamento europeos. Moitas recibiron apoio personalizado para emprender e dinamizar así ás áreas nas que viven. Hoxe, a FGE está inmersa en cinco proxectos europeos relacionados co apoio á xuventude nas áreas rurais.

Formación e sensibilización sobre a UE en Galicia

Nos anos 90 e 2000, a FGE organizou un gran número de cursos, xornadas e seminarios como o ciclo “Encontros Galicia-CEE”, organizado cos membros do padroado, o curso “Nocións básicas sobre a UE”, organizado coas deputacións provinciais de Ourense e A Coruña, ou os cursos básicos de xestión de proxectos europeos coas cámaras de comercio galegas.

En materia de sensibilización, realizou campañas divulgativas sobre a o proxecto de Constitución Europea, obxecto de referendo en 2005; as sucesivas eleccións ao Parlamento Europeo, como o concurso “Galicia vota na UE” en 2019, ou sobre as grandes políticas europeas, como o actual Pacto Verde.

No tocante á formación, a FGE puxo en marcha varios programas de bolsas durante os anos 90: para realizar estudos de integración europea en centros universitarios de prestixio como o Colexio Europeo de Bruxas e para a realización de prácticas, ben sexa nas institucións comunitarias, na propia FGE ou nos centros da Rede de Información Europea en Galicia. O único programa que perdura ata hoxe son as prácticas na oficina de Bruxelas da FGE, das que se benefician cinco mozos por ano.

En total, máis de 500 persoas puideron beneficiarse destas bolsas de formación, das que moitas traballan no eido comunitario. En varias ocasións a FGE tratou de poñer en marcha unha rede de ex-bolseiros: co Foro Galicia Europa en 2003 e, actualmente, cun grupo na rede LinkedIn.

O persoal das entidades que compoñen o padroado tamén se puido beneficiar durante anos dunha modalidade de prácticas na oficina de Bruxelas. Primeiro dun mes de duración e despois dunha semana, tempo no que recibían o apoio e asesoramento do persoal da oficina para que a súa estadía fose proveitosa.

Por último, a oficina de Santiago acolleu nos últimos anos a máis de 20 estudantes universitarios en prácticas e a de Bruxelas a varios bolseiros doutras entidades galegas como o IGAPE, o Eixo Atlántico ou Grupo Compostela Universidades.

Infraestrutura e recursos humanos

En 1992, a FGE adquire unha casa próxima ao barrio europeo en Bruxelas á que traslada o seu persoal. En 2007, vende esta sede e compra unha oficina máis funcional e ampla en pleno barrio europeo, o que lle permite albergar reunións e actos de maior calado. Unha vez saldada a débeda adquirida, esta propiedade permite unha maior liquidez á entidade e mesmo ingresos por aluguer do espazo, como xa se fixo entre os anos 2012 a 2019, cando se arrendou a metade da oficina, e como se fai actualmente co aluguer de despachos a CONXEMAR e FEUGA.

En canto ao persoal da FGE, a oficina de Bruxelas chegou a contar con 8 contratados (directora, catro asesores técnicos, administradora, asistente de dirección e auxiliar administrativo) e a oficina de Santiago até catro (asesor técnico, coordinadora de EuroXuventude, responsable de administración e auxiliar administrativa). A actividade desenvolvida en Bruxelas viuse complementada na década dos 2000 e 2010 por persoal desprazado temporalmente polas consellerías, así como pola axuda de mozos titulados universitarios grazas ao programa propio de prácticas na FGE.

A crise de finais dos 2012 fixo que o persoal que deixou a FGE nese momento (tres asesores técnicos, unha secretaria de dirección e unha de auxiliar administrativo) non fosen substituídos, sendo amortizadas as prazas, polo que a plantilla da FGE quedou seriamente reducida dende entón.

Conclusión

Tras máis de 30 anos de existencia, a FGE conta co coñecemento, experiencia e a infraestrutura necesarios para axudar aos axentes galegos a comprender e transformar as preocupacións locais en achegas construtivas e convincentes ao debate europeo. O apoio que presta á Xunta de Galicia é, pois, fundamental para que a súa voz teña máis peso na toma de decisións europea. Así e todo, **unha avaliación das necesidades específicas da FGE para a correcta prestación deste apoio apunta con forza á necesidade de reforzo do seu persoal**, tal e como reflicte a Estratexia de Acción Exterior en vigor¹.

O reducido equipo da oficina de Bruxelas (unha directora, dúas asesoras técnicas e unha administradora) limita as posibilidades de especialización do seu persoal en políticas europeas de interese para Galicia e, por tanto, a súa capacidade para:

¹ Punto 383. “Para un salto cualitativo da presenza dos intereses de Galicia na UE, a Fundación Pública Galicia Europa debe ser reforzada e actualizada, na súa visión, posición e recursos que precisa, para facilitar a mellor participación institucional de Galicia, xunto coas demais comunidades autónomas e rexións, no novo escenario europeo, en actual tensión e cheo de incertezas.”.

Punto 422. “ Como medidas instrumentais a considerar debe subliñarse que a Fundación Pública Galicia Europa é a punta de lanza da participación galega nos asuntos europeos e, por tanto, debe reforzar os seus efectivos, reducidos nos últimos anos debido á minoración da taxa de reposición contemplada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma”

- Sistematizar a participación galega no debate europeo
- Brindar un apoio máis adaptado ás necesidades de cada consellería
- Coordinar a acción galega ante a Unión Europea
- Participar de maneira máis activa nas iniciativas europeas

iv. Formulación estratéxica 2024-2025: obxectivos estratéxicos e operativos

A partir das competencias e funcións da Fundación, e tendo en conta tanto a situación de partida da entidade, como o escenario actual e a previsible evolución para os vindeiros anos da mesma, o contrato plurianual de xestión desagregase, dun menor a un maior nivel de detalle en 2 niveis: Obxectivos estratéxicos e obxectivos operativos. Os obxectivos estratéxicos definen os principais resultados que se esperan acadar co funcionamento da axencia no marco temporal do contrato de xestión. Estes obxectivos estratéxicos concréntanse en obxectivos operativos que, a súa vez, mídense a través de indicadores.

O contrato plurianual de xestión da Fundación Pública Galicia Europa estrutúrase en 5 obxectivos estratéxicos e 11 obxectivos operativos.

O resumo dos obxectivos estratéxicos e obxectivos operativos que constitúen este contrato é o seguinte:

Obxectivo estratéxico 1: Defender os intereses de Galicia ante a UE

A finalidade deste obxectivo é representar a Galicia no gran foro de discusión que supón a capital comunitaria, no que se mesturan moitos intereses. A FGE forma parte do coñecido como “lobby rexional” xunto co Comité Europeo das Rexións e as múltiples redes interrexionais con sede en Bruxelas. Os contactos cos responsables e funcionarios europeos para explicar as experiencias e preocupacións sobre o terreo son ben recibidas e mesmo fomentadas, pois, malia o uso das tecnoloxías, o centro de decisións segue estando lonxe de territorios como Galicia.

Desenvólvese a través dos seguintes **obxectivos operativos**:

➤ **Obxectivo operativo 1.1: Fomentar o diálogo directo entre responsables políticos e técnicos das administración europea e autonómica**


Co mandato que ten da administración autonómica para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e os órganos da Unión Europea, a FGE mantén reunións coa Representación Permanente de España ante a UE e as institucións comunitarias, e colabora con outras rexións no marco de diferentes redes de cooperación para defender intereses comúns. Ademais, presta apoio á participación da Xunta de Galicia nos foros europeos, tanto formais (Comité Europeo das Rexións,

Consello da UE e comités de comitología) como informais (redes de colaboración como a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas, Necstour, ERRIN, Vanguard Initiative, ESN...)

A FGE encárgase de organizar as visitas de responsables políticos e técnicos da Xunta de Galicia a Bruxelas: identifica aos interlocutores, prepara as axendas, axuda na loxística e participa nas reunións. Dende 2020, organiza tamén encontros virtuais periódicos entre a administración autonómica e a comunitaria que permiten o intercambio de perspectivas en torno ás prioridades da UE . Por outra banda, promove a cooperación con galegos e persoas relacionadas con Galicia que traballan no eido comunitario e constitúen unha porta de entrada privilexiada ás institucións europeas para a nosa administración.

➤ **Obxectivo operativo 1.2: Diseñar e poñer en marcha estratexias para a defensa dos intereses galegos na UE**

A FGE axuda ás consellerías a deseñar e executar as estratexias necesarias para defender os seus intereses na UE. Estas estratexias poden incluír: seguimento dun determinado expediente ou debate, elaboración e difusión de documentos de posición, participación galega nas vías institucionais, organización de eventos, reunións con altos cargos, campañas en redes sociais, participación galega nos foros de debate que teñen lugar na capital comunitaria, en proxectos europeos, en consultas públicas... A FGE detecta oportunidades de participación das consellerías e propicia a súa participación activa.



Obxectivo estratéxico 2: Promover a participación galega en proxectos europeos

A finalidade deste obxectivo estratéxico é brindar información e prestar asesoramento para que cada vez sexan máis as entidades galegas que participan en proxectos europeos podendo beneficiarse de financiamento europeo, o que as axuda a ser máis competitivas e, nalgúns casos, a internacionalizarse.

Desenvólvese a través dos seguintes **obxectivos operativos**:

➤ **Obxectivo operativo 2.1: Mellorar o acceso ás distintas fontes de financiamento comunitario**


A FGE pretende servir de porta de entrada ao mundo do financiamento comunitario, para o que conta cunha guía de financiamento propia referida ao actual marco financeiro plurianual 2021-2027 e un apartado específico no seu sitio web. Actualmente está en conversas coa Consellería de Facenda para prestarlle apoio na comunicación da execución dos fondos estruturais en Galicia.

➤ **Obxectivo operativo 2.2: Formar ás entidades galegas en materia de financiamento comunitario**

A FGE conta co seu programa de especialización en financiamento comunitario, TecEuropa, co obxectivo de axudar ás entidades galegas a comprender a lóxica dos programas de financiamento e de crear unha rede de técnicos en Galicia especializados en proxectos europeos

➤ **Obxectivo operativo 2.3: Facilitar a comunicación dos proxectos europeos con participación galega**

A FGE pon a disposición das entidades galegas a súa sala de conferencias para celebrar reunións relacionadas cos proxectos europeos e axuda a difundir este tipo de proxectos en RRSS e a través da súa web. A difusión de resultados dos proxectos adoita ser requisitos indispensable na xestión de proxectos europeos.



Obxectivo estratéxico 3: Informar e sensibilizar sobre a Unión Europea en Galicia

A finalidade de este obxectivo estratéxico é informar en Galicia sobre a evolución das políticas europeas, a participación galega nos asuntos europeos, as posibilidades de financiamento comunitario e as oportunidades de emprego e prácticas nas institucións.

Desenvólvese a través dos seguintes **obxectivos operativos**:

➤ **Obxectivo operativo 3.1: Ofrecer información europea a través da súa web dende unha perspectiva galega**


A actualidade europea e a análise, as novas sobre a participación galega no proceso decisorio comunitario (Consello, CdR), a selección de convocatorias de proxectos europeos e os eventos de interese para Galicia constitúen o núcleo da información sobre a UE difundida no sitio web da FGE.

➤ **Obxectivo operativo 3.2: Difundir información europea a través das redes sociais**

A FGE actualiza a diario os seus perfís con contidos relacionados coa UE cunha perspectiva galega. Leva a cabo campañas informativas específicas como no Día de Europa, a Semana Europea das Rexións e Cidades ou con motivo das eleccións europeas.

➤ **Obxectivo operativo 3.3: Elaborar publicacións con información comunitaria**

A FGE elabora un boletín electrónico mensual, colabora coa revista ECO con contribucións mensuais, elabora un informe cuatrimestral para o Consello da Xunta e resume na súa memoria anual a participación galega en asuntos comunitarios




Obxectivo estratéxico 4: Formar en asuntos europeos

A finalidade deste obxectivo estratéxico é contribuír ao coñecemento de Europa fomentando á formación de mozos e impulsando á formación continua. Nos seus máis de 30 anos de existencia, máis de 500 persoas tiveron a oportunidade de coñecer de preto a UE a través das súas bolsas de formación.

Desenvólvese a través dos seguintes **obxectivos operativos**:

➤ **Obxectivo operativo 4.1: Formar a mozos e mozas en asuntos europeos**

Mediante convocatoria pública, a FGE selecciona a cinco novos graduados vinculados a Galicia para realizaren prácticas remuneradas na oficina da FGE en Bruxelas durante 11 meses (12 no caso da bolsa de especialización en I+D+i) e mellorar a súa empregabilidade.



Obxectivo estratéxico 5: Apoiar aos mozos e mozas galegos como cidadáns activos e participativos no proceso de construción europea (EuroXuventude)

A finalidade de este obxectivo estratéxico é dotar á mocidade galega dunha ferramenta en liña que lles permita explorar as oportunidades que existen na Unión Europea, promovendo así unha cidadanía activa e participativa no proceso de construción comunitaria. Ademais, a FGE participa en varios proxectos europeos relacionados co apoio á xuventude nas áreas rurais en liña coa actual axenda rural europea na que se está a traballar a nivel europeo.


Desenvólvese a través dos seguintes **obxectivos operativos**:

➤ **Obxectivo operativo 5.1: Informar aos mozos das oportunidades que ofrece a UE**

Publicación de novas e difusión a través das RRSS

➤ **Obxectivo operativo 5.2: Participación en proxectos europeos**

A FGE participa en proxectos europeos con socios de diferentes nacionalidades.



A ficha coa enumeración e detalle dos obxectivos estratéxicos e operativos proporcionase no **anexo I**.

4. Indicadores

Para medir e avaliar o cumprimento dos obxectivos operativos, defínense uns indicadores que permitirán o seguimento dos mesmos así como e verificar o seu grao de cumprimento.

En cada indicador engádese:

-Un **valor de partida**, xa sexa da actividade desenvolta polo ente ou do nivel de calidade existente no mesmo. Este valor constitúe un punto de partida en cada indicador e configúrase en base á media da actividade desenvolta ou o nivel medio de calidade.

-Un **valor estándar**, que mostra o valor cuantitativo ou cualitativo que se pretende acadar para a consecución do obxectivo, así como a previsión da súa evolución por anualidades.

No anexo I recóllense os indicadores vencellados a cada obxectivo operativo.

No anexo II recóllese un cadro resumo de indicadores por obxectivos.

No anexo III recóllese o modelo de ficha descritiva do indicador.

5. Marco económico- financeiro.

Tanto a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, como a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, consagran como principio básico da xestión orzamentaria a estabilidade entendida como a capacidade de financiar as políticas de gasto sen incorrer en déficit. Tendo en conta este principio, a definición das políticas de gasto faranse atendendo aos principios de eficacia e eficiencia.

Durante a vixencia do presente contrato plurianual, os recursos orzamentarios da Fundación Pública Galicia Europa irán destinados á consecución dos obxectivos previstos nel, nun marco de optimización do gasto

Respecto á senda financeira, e tendo en conta o programa operativo de fondos europeos para o período, as dotacións de fondos para a entidade son meras estimacións e están suxeitas a variación.

Para cuantificar os ingresos e os gastos para o período de vixencia deste contrato plurianual de xestión téñense en conta a Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024 así como a evolución dos orzamentos nos últimos anos para poder estimar os importes para os anos 2024 e 2025.

Respecto ao marco orzamentario, as dotacións previstas no contrato programa quedan supeditadas ao que se estableza nas leis de Orzamentos xerais da comunidade autónoma para cada unha das anualidades, polo que estas dotacións considéranse indicativas.

a.- Orzamento de ingresos para o ano 2024 e previsións de ingresos para o resto dos anos que abrangue o período de vixencia deste contrato de xestión:

Orzamento de ingresos ano 2024.		Estimacións 2025
Concepto	Importe	Importe
Ingresos da entidade pola actividade propia		
Cotas de usuarios e afiliados	88.000,00	88.000,00
Subvencións, doacións e legados imputados ao resultado	847.476,90	870.958,48
Outros ingresos da actividade		
Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	10.500,00	14.000,00
Ingresos financeiros	10.000,00	10.000,00
Total ingresos	955.976,90	982.958,48

b.- Orzamento de gastos para o ano 2024 e previsións de gastos (condicionada á previsión de ingresos) para os demais anos que abrangue o período de vixencia deste contrato de xestión:

Orzamento de gastos ano 2024		Estimacións 2025
Concepto	Importe	Importe
Gastos de persoal	502.669,07	507.066,00
Axudas monetarias e outros	115.686,14	106.128,43
Dotacións para amortizacións de inmovilizado	52.500,00	52.500,00
Outros gastos	279.121,69	312.264,05
Total gastos operacións de funcionamento	949.976,90	977.958,48
Aumento de inmovilizado	6.000,00	5.000,00
Total gastos operacións de fondos	6.000,00	5.000,00
Total gastos	955.976,90	982.958,48

c.-Mecanismos de re-axuste en caso de déficits ou superávits:

Os déficits derivados do incumprimento das estimacións de ingresos anuais ou os superávits, compensaranse mediante os pertinentes axustes nas partidas de gasto que garantan o equilibrio económico financeiro.

Deberá elevarse ao Padroado da Fundación un informe explicativo das causas das desviacións na estimación de ingresos, das previsións de que dito déficit ou superávit poida repetirse nos exercicios seguintes e do impacto que puidesen ter na consecución dos obxectivos programados así como, no seu caso, as necesarias modificacións que como consecuencia dos devanditos déficits ou superávits deban introducirse no Contrato Plurianual de Xestión e o alcance das mesmas.

No **anexo I** se detalla o orzamento de gasto asociado a cada obxectivo operativo.

No **anexo IV** recollese o orzamento de gastos desagregado por obxectivos operativos.

6. Marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos

A Fundación Pública Galicia Europa (FGE) crease en febreiro de 1988, tendo na actualidade a consideración de ente instrumental do Sector Público autonómico, en apoio á Xunta de Galicia e prestando asistencia técnica ao Presidente en asuntos relacionados coa Unión Europea, establecéndose na disposición adicional segunda da Lei 10/2021, do 9 de marzo como unha entidade que opera, ademais, sometida ao dereito local foráneo onde desenvolve as súas actividades.

O capital humano é o activo máis importante da Fundación. Todo o persoal co que conta actualmente a FGE é de carácter laboral. Dado que opera a través de dúas oficinas, unha en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas, realizando ambas oficinas o seu labor de maneira coordinada, cóntase con persoal baixo o marco de contratación española e persoal baixo o marco de contratación belga.

O persoal con contratación belga réxese polo disposto na normativa belga e coa cotización á Seguridade Social e tributación nese país.

O persoal con contratación española réxese polo Convenio colectivo de Oficinas e Despachos da provincia da Coruña e polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

A incorporación de persoal á Fundación realizarase logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos, función pública e de Simplificación Administrativa, segundo proceda en función do sistema de provisión.

Existe tamén a posibilidade de destinar persoal funcionario da Xunta de Galicia, nos termos establecidos na lexislación vixente, aínda que na actualidade non se está facendo uso desta opción.

No **anexo V** detállanse os recursos humanos asociados a cada obxectivo operativo.

7. Política retributiva

Na orixe da Fundación Pública Galicia Europa, polo seu carácter privado, estableceuse como marco legal de aplicación ao persoal da Fundación, o Convenio colectivo de oficinas e despachos, no que se establecen os salarios mínimos en función das categorías existentes no cadro de persoal. O persoal con contratación española e destinado na oficina de Bruxelas aplícaselle un plus de “expatriación” compensatorio para equiparar a diferenza do nivel de vida.

Como consecuencia derivada da Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, o novo cadro de persoal da Fundación (incluído o persoal con contratación belga) e as súas retribucións foi aprobado e informado favorablemente pola dirección xeral da Función Pública e pola dirección xeral de Planificación e orzamentos en xullo de 2023.

En Bélxica, os salarios mínimos vixentes son habitualmente fixados polos convenios colectivos de traballo (CCT), pactados no seo das comisións paritarias (CP), que son os que determinan as bases xerais para o cálculo de remuneracións segundo os diferentes niveis de cualificación e de funcións.

No momento da contratación en Bélxica, a Dirección da FGE estableceu como marco legal de aplicación no caso da contratación belga o da Comisión paritaria auxiliar para empregado.

No suposto da incorporación de persoal funcionario, os conceptos retributivos serán os establecidos na normativa reguladora da Función Pública da Xunta de Galicia e dos orzamentos da Comunidade Autónoma, segundo o artigo 78 da LOFAXGA.

8. Compromisos recíprocos

A través deste contrato de xestión ambas partes asumen os compromisos que se establecen a continuación:

Por parte da Fundación Pública Galicia Europa:

1. Acadar o cumprimento dos obxectivos establecidos neste Contrato Plurianual de Xestión, cos recursos asignados.

2. Obrígase ao cumprimento baixo a súa exclusiva responsabilidade das disposicións legais vixentes en materia de relacións laborais, de seguridade e saúde no traballo e calquera outra de carácter xeral.
3. Actuar como medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dependentes dela, polo que está obrigada a realizar os traballos que aquela ou estes lle encomenden dentro do seu ámbito de actuación.
4. Cumprir as esixencias de comunicación e información á Administración da Comunidade Autónoma recollidas nos Estatutos da FGE e na normativa vixente.
5. Con independencia dos controis da comisión de seguimento deste contrato, a FGE someterase a cantos controis e auditorías sexan necesarios ou precisos.

Por parte da Xunta de Galicia:

1. A Xunta proveerá dos recursos orzamentarios necesarios para a consecución dos obxectivos da Fundación, segundo o establecido no Contrato Plurianual de Xestión, e recollidos nas Leis de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada ano.
2. A Xunta exercerá a coordinación da xestión económica da FGE e o apoio naqueles aspectos administrativos en que sexa preciso.
3. A Xunta exercerá a coordinación técnica para facer posible o enlace coas consellería e os seus entes instrumentais.
4. A Xunta prestará o apoio e as infraestruturas necesarias para a xestión ordinaria da Fundación.

9. Condicións en base ás que se consideran cumpridos os obxectivos do contrato de xestión

A Fundación Pública Galicia Europa adecuará a súa actuación ó presente contrato de xestión, de conformidade cos obxectivos e accións detalladas, durante o período que corresponde á vixencia do contrato.

Para avaliar a súa efectividade establécense unha serie de obxectivos estratéxicos e operativos cuxa consecución cuantificase a través dun número finito de indicadores, de tal forma que entenderase que a Fundación desenvolveu con éxito o contrato de xestión se a lo menos da cumprimento ao **75% dos seus obxectivos estratéxicos**.

Acadase un obxectivo estratéxico cando se obtén un resultado favorable, como mínimo, no **60% dos obxectivos operativos** que forman parte do obxectivo estratéxico.

Os indicadores recollidos no anexo I son as ferramentas que se utilizan para avaliar o cumprimento dos obxectivos operativos. Será necesario acadar o valor estándar destes, polo menos, nun **60% do conxunto de indicadores** asociados a cada un dos obxectivos.

10. Criterios e mecanismos para a esixencia de responsabilidades ao persoal directivo

O persoal directivo da Fundación está suxeito á esixencia de responsabilidade por incumprimento dos obxectivos previstos para cada área de actividade no presente Contrato Plurianual de Xestión. A tal efecto, terán a consideración de persoal directivo da Fundación aqueles postos que ostenten tal condición de conformidade cos seus estatutos.

Existirá responsabilidade do persoal directivo responsable cando a porcentaxe de obxectivos operativos incumpridos exceda do **50% do total de obxectivos correspondentes á súa área de actividade**.

Non se terán en conta para a esixencia de responsabilidades aqueles indicadores asociados a obxectivos específicos ou actuacións que se cancelen ou non se leven a cabo debido a causas alleas á vontade e actividade da entidade.

No suposto de incumprimento, o Padroado, a iniciativa propia ou a proposta da Dirección, e logo de analizar o conxunto de indicadores nos que non se acadou o valor estándar, poderá apercibir formalmente aos directivos das correspondentes áreas. En último termo, se durante tres exercicios consecutivos se produce o apercibimento de algún membro do equipo directivo, o consello reitor poderá aprobar o seu cesamento, sen prexuízo da concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen tal medida.

A senso contrario, no caso de que se acade ou supere o valor estándar como mínimo no **80% dos indicadores relativos aos obxectivos operativos** asociados a cada área de xestión da Fundación, de conformidade co previsto no presente contrato plurianual de xestión, as respectivas áreas poderán ser beneficiarias das medidas de recoñecemento que o Padroado estime axeitadas, de conformidade coa normativa vixente que resulte de aplicación.

11. O procedemento para a introdución de modificacións ou adaptacións

As modificacións ou axustes para corrixir eventuais desviacións entre o planificado e o executado, sempre que non afecten a estrutura do Contrato Plurianual de Xestión, serán aprobadas polo Padroado da fundación.

Enténdese que as modificacións afectan á estrutura do Contrato Plurianual de Xestión nos seguintes casos:

- Que os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen á Fundación do financiamento previsto neste Contrato Plurianual de Xestión ou fixesen modificacións na contía dos recursos dispoñibles que comprometan a consecución dos obxectivos previstos.
- A eliminación, modificación ou introdución de novos obxectivos estratéxicos ou operativos.
- A variación da contía do “valor estándar” dos indicadores en máis dun **40%** do valor fixado.

Nestes supostos, para a modificación do Contrato Plurianual de Xestión será necesario a aprobación do Consello da Xunta, previo informe da consellería competente en materia de Facenda e Administración Pública, a proposta do Padroado da fundación.

12. A Comisión de Seguimento e Control

Constituirase unha Comisión de Seguimento e Control co obxecto de interpretar e velar polo cumprimento do presente contrato de xestión e dos módulos específicos que comprende baixo a dependencia orgánica do Padroado da fundación.

12.1.- Constitución da Comisión de Seguimento e Control:

A Comisión de Seguimento e Control estará integrada polos seguintes membros:

- Un representante da consellería á que está adscrita a Fundación
- Un representante da Fundación.
- Un representante da consellería competente en materia de Facenda e Administración Pública, que exercerá a presidencia.
- Un representante da consellería competente en materia de Simplificación Administrativa.

A persoa que ocupe a Secretaría da comisión será designada entre o persoal que presta servizos na entidade, e asistirá ás reunións con voz pero sen voto, salvo que as funcións de secretaría se asuman pola persoa integrante da comisión que actúa en representación da Fundación.

Os membros da comisión serán nomeados pola persoa titular da Fundación.

12.2.- Funcións da Comisión de Seguimento e Control

Á Comisión de Seguimento e Control correspóndelle exercer as seguintes funcións:

- 1 Efectuar anualmente un informe de avaliación global do cumprimento do Contrato Plurianual de Xestión polas partes, coas propostas de adaptación dos compromisos para o ano seguinte no caso de que estas procedan.
- 2 Antes do final do período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión a Comisión de Seguimento e Control efectuará un informe global sobre o seu grao de cumprimento e propondrá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión e renovación.
- 3 Elaborar e aprobar o seu propio regulamento interno.
- 4 Avaliar a consecución dos obxectivos e o cumprimento dos compromisos establecidos no contrato de xestión.
- 5 Propoñer as medidas correctivas que considere necesarias para asegurar a consecución dos obxectivos.
- 6 Propoñer a actualización dos obxectivos operativos e compromisos anuais, incluída, se procede a adecuación dos obxectivos estratéxicos. Propoñer a modificación das cláusulas deste Contrato Plurianual de Xestión , no caso de circunstancias sobrevidas que impidan o cumprimento dos compromisos establecidos por algunha das partes.
- 7 Formular propostas para facer efectivos os beneficios ou as responsabilidades a que houbese lugar en relación cos resultados acadados.
- 8 No caso de déficits por insuficiencia de ingresos reais, respecto dos estimados, a comisión deberá decidir se tal situación responde a unha deficiente previsión ou unha xestión ineficiente, que levará consigo a esixencia de responsabilidades, ou se, pola contra, responde a circunstancias que escapan ao control da entidade., cuxos responsables realizaron unha xestión prudente e tecnicamente correcta.
- 9 Formular, en todo caso, propostas para a cobertura de posibles déficits, de acordo coas normas aplicables e os criterios establecidos ao respecto pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- 10 Analizar os resultados da xestión económico-financeira da Axencia a través da información que, de forma periódica, deberán proporcionarlle os seus órganos xestores.
- 11 Recibir da Dirección da Fundación, no primeiro trimestre de cada exercicio anual, a información da execución e do cumprimento dos obxectivos

establecidos no Contrato Plurianual de Xestión durante o exercicio anual inmediatamente anterior.

- 12 Informar ó Padroado sobre a execución do orzamento da Fundación. Para tal efecto deberá recibir da Dirección informes coa periodicidade que o Padroado decida.
- 13 Recoller información sobre os sistemas de control e procedementos internos establecidos para asegurar o debido cumprimento das disposicións legais e demais normas aplicables así como coñecer os informes de auditoría de contas e informes adicionais sobre funcionamento do control interno e propor ao Padroado as estratexias encamiñadas a corrixir as deficiencias observadas.
- 14 Vixiar o cumprimento das normas orzamentarias na elaboración do orzamento, así como na súa execución.
- 15 Informar ao Padroado sobre os asuntos que este lle solicite.
- 16 Outras funcións que expresamente lle sexan encargadas polas partes deste contrato de xestión ou que lle correspondan segundo determine a normativa legal ou regulamentaria

12.3.- Periodicidade das reunións da Comisión de Seguimento e Control

Para o correcto exercicio das súas funcións, a Comisión de Seguimento e Control reunirse trimestralmente e sempre que un dos seus membros o solicite. A programación das reunións farase de forma que permita facer o seguimento do peche e o inicio do orzamento

ANEXO I: Fichas co detalle dos obxectivos estratéxicos, obxectivos operativos e valores a acadar nos indicadores.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO Nº 1

1. OBXECTIVO ESTRATÉXICO “DEFENDER OS INTERESES GALEGOS NA UE”

1.1 Antecedentes e diagnóstico de situación

Dous anos despois do ingreso de España nas Comunidades Europeas, a Xunta de Galicia decide crear, coa colaboración das principais entidades financeiras galegas, unha entidade que sirva de ligazón directa coa capital comunitaria. Así nace, o 15 de febreiro de 1988, a Fundación Pública Galicia Europa, establecendo unha oficina en Bruxelas e outra en Santiago de Compostela.

Nestes 35 anos, a actividade da FGE vai evolucionando en paralelo ao crecemento do proxecto de construción europea, ao desenvolvemento do sector público autonómico e á implantación das tecnoloxías e novos modos de comunicación. Nos últimos anos, a defensa dos intereses de Galicia ante a UE constitúe o eixo central da actividade da FGE, o que a leva a ser recoñecida oficialmente como representante da Xunta de Galicia ante as institucións e órganos da UE. A FGE forma parte do coñecido como “lobby rexional” xunto co Comité Europeo das Rexións e as múltiples redes interrexionais con sede en Bruxelas.

Retos ou metas que se perseguen con este obxectivo

- Participar nos debates que inflúen na formulación das políticas europeas mediante un seguimento constante e a análise delas dende unha perspectiva galega
- Apoiar a participación de Galicia en institucións e organismos comunitarios, e
- Difundir boas prácticas e colaborar con outras rexións europeas.

1.2 Aliñamento co Plan Estratéxico 2022-2030

Esta defensa dos intereses galegos perante a UE representa un apoio horizontal a toda a Xunta de Galicia para acadar os seis obxectivos definidos no PEG 22-30, a saber:

1. Deseñar a Galicia do futuro, poñendo no centro o reto demográfico
2. Acadar unha Galicia máis sostible e climáticamente neutra, máis dixital e resiliente
3. Promover unha sociedade moderna, competitiva, solidaria e cohesionada
4. Favorecer os valores diferenciais de Galicia como motores de desenvolvemento

5. Superar o impacto causado pola Covid-19 e lograr unha recuperación sostible, resistente e inclusiva
6. Amosar unha senda previsible, rigorosa e estable de actuación do goberno, impulsar e coordinar as diferentes estratexias

En concreto, a FGE:

- Representa ante a UE os intereses das consellerías en cada unha destas áreas,
- Informa do desenvolvemento das políticas europeas relacionadas con elas
- Fomenta a participación das consellerías e entes instrumentais nos foros europeos máis relevantes para avanzar cara os 70 obxectivos estratéxicos identificados no PEG.

1.3 Aliñamento con outros Plans Estratéxicos sectoriais

Este obxectivo estratéxico está en liña coa [Estratexia de Acción Exterior](#) (EGAEX), en concreto co seu apartado 5.2 referente á Unión Europea, que recoñece á Fundación Pública Galicia Europa como un “exemplo de partenariado público-privado da sociedade civil que forma parte das centenas de oficinas rexionais europeas existentes na capital de facto da Unión”. No seu punto 392, afirma “A través da oficina da Fundación Pública Galicia Europa en Bruxelas, Galicia desenvolve accións propias dun *lobby* para defender os intereses da sociedade galega e dos seus principais sectores produtivos, xa desde o primeiro momento no que a normativa europea se atopa aínda nunha fase incipiente ou embrionaria de redacción ou proposta”

O borrador da nova EGAEX, pola súa parte, recolle que “A Fundación Galicia Europa (FGE) é a punta de lanza da participación galega nos asuntos europeos e, por tanto, debe reforzar os seus efectivos. O seu labor resulta fundamental para a comprensión das políticas da Unión, a interlocución coas institucións europeas e a elaboración e posta en marcha de estratexias de lobby.”

2. OBXECTIVOS OPERATIVOS

Os obxectivos operativos asociados ao Obxectivo estratéxico son os seguintes:

2.1 Obxectivo operativo 1.1: Fomentar o diálogo directo entre responsables políticos e técnicos das administracións europea e autonómica

2.2 Obxectivo operativo 1.2: Deseñar e poñer en marcha estratexias para a defensa dos intereses galegos na UE

2.1 Obxectivo operativo 1.1 “Fomentar o diálogo directo entre responsables políticos e técnicos das administracións europea e autonómica”

Co obxectivo de xerar un impacto na definición das políticas europeas en favor dos intereses galegos, a FGE presta apoio á participación da Xunta de Galicia en diferentes foros europeos, tanto formais (Comité Europeo das Rexións, Consello da UE e comités de comitoxía) como informais (redes de colaboración como a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas, Necstour, ERRIN, Vanguard Initiative, ESN...). A FGE organiza, ademais, visitas de responsables políticos e técnicos da Xunta de Galicia a Bruxelas: identifica aos interlocutores, prepara as axendas, axuda na loxística e participa nas reunións. Dende 2020, organiza encontros virtuais periódicos entre a administración autonómica e a comunitaria que permiten o intercambio de perspectivas en torno ás prioridades da UE. Por outra banda, promove a cooperación con galegos e persoas relacionadas con Galicia que traballan no eido comunitario e constitúen unha porta de entrada privilexiada ás institucións europeas para a nosa administración.

Cadro resumo dos indicadores de resultados asociados xunto cos valores estándar que se pretenden acadar:

Indicador	Valor de partida	Valor estándar
Indicador 1.1.1 Organización de encontros virtuais Xunta- FGE	8	8
Indicador 1.1.2 Nº de empregados públicos formados en coñecemento da axenda europea	155	180
Indicador 1.1.3 Transmisión de posición galega no CdR	40,5	44
Indicador 1.1.4 Apoio á participación galega no Consello	15	18
Indicador 1.1.5 Reunións de alto nivel político Xunta-UE	10,5	12

Responsable/s	Directora da oficina de Bruxelas			
Vixencia do obxectivo	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Planificación das actuacións clave para acadar o obxectivo pretendido:	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
1. Facer unha maior difusión dos encontros virtuais	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
2 Identificar temas de maior interese para Galicia dentro das actividades do CdR	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
3 Axudar a identificar os temas de maior relevancia para Galicia nas formacións do Consello abertas á participación autonómica		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Indicadores/Resultados esperados	2024		2025	
Indicador 1.1.1 Organización de encontros virtuais Xunta- FGE	8		8	
Indicador 1.1.2 Nº de empregados públicos formados en coñecemento da axenda europea	170		180	
Indicador 1.1.3 Transmisión de posición galega no CdR	42		44	
Indicador 1.1.4 Apoio á participación galega no Consello	16		18	
Indicador 1.1.5 Reunións de alto nivel político Xunta-UE	10		12	
Recursos	2024		2025	
A.-Materiais	Paquetes ofimáticos, plataforma de video chat, salas de reunións, equipos informáticos			
B.-Humanos	2,02		2,02	
C.-Económicos	280.248		268.152	

3 Persoal técnico, compartidos con outros obxectivos (130%) - 3 Administrativo/a, compartido con outros obxectivos (72%)

2.2 Obxectivo operativo 1.2 “Deseñar e poñer en marcha estratexias para a defensa dos intereses galegos na UE”

A FGE axuda ás consellerías a deseñar e executar as estratexias necesarias para defender os seus intereses na UE. Estas estratexias poden incluír: seguimento dun determinado expediente ou debate, elaboración e difusión de documentos de posición, participación galega nas vías institucionais, organización de eventos, reunións con altos cargos, campañas en redes sociais, participación galega nos foros de debate que teñen lugar na capital comunitaria, en proxectos europeos, en consultas públicas... A FGE detecta oportunidades de participación das consellerías e propicia a súa participación activa.

Cadro resumo dos indicadores de resultados asociados xunto cos valores estándar que se pretenden acadar:

Indicador	Valor de partida	Valor estándar
Indicador 1.2.1 Participación en redes de cooperación rexional	179	200
Indicador 1.2.2 Debates ou expedientes obxecto de seguimento	16,5	19
Indicador 1.2.3 Oportunidades detectadas de participación galega	9	20
Indicador 1.2.4 Actuacións da Xunta de Galicia en iniciativas europeas	7,5	9
Indicador 1.2.5 Nº de horas de uso da sala da FGE	44	105
Indicador 1.2.6 Foros organizados pola FGE en Bruxelas	3	4
Indicador 1.2.7 Reunións FGE-Xunta de Galicia sobre as políticas europeas	2	4

Responsable/s

Directora da oficina de Bruxelas

Vixencia do obxectivo	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Planificación das actuacións clave para acadar o obxectivo pretendido:	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
1 Asistencia a reunións	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
2 Correos informativos e de alertas á Xunta de Galicia	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Indicadores/Resultados esperados	2024	2025
Indicador 1.2.1 Participación en redes de cooperación rexional	190	200
Indicador 1.2.2 Debates ou expedientes obxecto de seguimento	18	19
Indicador 1.2.3 Oportunidades detectadas de participación galega	15	20
Indicador 1.2.4 Actuacións da Xunta de Galicia en iniciativas europeas	9	9
Indicador 1.2.5 Nº de horas de uso da sala da FGE	50	55
Indicador 1.2.6 Foros organizados pola FGE en Bruxelas	4	4
Indicador 1.2.7 Reunións FGE-Xunta de Galicia sobre as políticas europeas	3	4
Recursos	2024	2025
A.-Materiais Paquetes ofimáticos, plataforma de video chat, salas de reunións, equipos informáticos, pantalla interactiva		
B.-Humanos	0,86	0,86
C.-Económicos	107.822€	103.367€

3 Persoal técnico, compartidos con outros obxectivos (50%) - 3 Administrativo/a, compartido con outros obxectivos (36%)

OBXECTIVO ESTRATÉGICO Nº 2

1.-OBXECTIVO ESTRATÉGICO Nº 2: PROMOVER A PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS

1.1 Antecedentes e diagnóstico de situación

Ante unha eventual redución do financiamento comunitario procedente da política de cohesión na década dos 2000, a FGE fixo especial fincapé en explicar as diferentes formas de acceder ao financiamento comunitario, especialmente ao xestionado directamente polas institucións comunitarias. Publicou así unha primeira guía en 2007, seguida doutra en 2010 destinada a emprendedores, outra en 2014 correspondente ao período financeiro 2014-2020 e a última, en 2021, en relación co actual marco.

En 2015 puxo en marcha o seu programa de especialización en financiamento comunitario, "TecEuropa", no que teñen participado máis de 1.000 persoas nas 19 edicións organizadas, constituíndo así o xerme dunha rede de técnicos en proxectos europeos.

Hoxe en día, a FGE segue a brindar información e formación para que cada vez sexan máis as entidades galegas que participan en proxectos europeos, o que as axuda a ser máis competitivas e, nalgúns casos, a internacionalizarse.

Retos ou metas que se perseguen con este obxectivo

- Servir de porta de entrada ao labirinto do financiamento comunitario, especialmente para aquelas entidades galegas ou persoas sen experiencia
- Aumentar o número de entidades galegas que participan en proxectos europeos

1.2 Aliñamento co Plan Estratégico 2022-2030

Tendo en conta a estrutura do PEG 22-30, este obxectivo está aliñado co seguinte obxectivo estratéxico:

OE 5.3.1 fortalecer a colaboración, cooperación e coordinación das diferentes administracións públicas en busca da eficiencia na xestión do gasto público e da mellora dos servizos á cidadanía. En concreto, no OO03 Accións para a promoción, impulso e fortalecemento da acción exterior de Galicia e apoio á presenza efectiva da Xunta naqueles foros de ámbito comunitario abertos á participación autonómica.

1.3 Aliñamento con outros Plans Estratéxicos sectoriais

Este obxectivo alíñase co punto 423 da EGAEX 2018, que apunta a “sacarlle máis partido a aqueles fondos, iniciativas e programas contemplados no orzamento da UE, como Feder, FSE, Feader, FEMP, COSME, Instrumento para pemes, Horizonte 2020, pois poden ser as pancas que axuden a impulsar as nosas empresas durante os próximos anos e en liña co obxectivo da Estratexia 2020”.

Así mesmo, o borrador da nova EGAEX, a piques de aprobarse recolle que “A Xunta de Galicia, cos principais actores económicos e sociais galegos, está totalmente implicada e comprometida na captación de fondos e na preparación de proxectos que consoliden unha Galicia economicamente máis competitiva e socialmente máis igualitaria.” En particular, recoñece o papel da FGE neste eido: “Nos últimos anos, a FGE vén organizando o seu programa de especialización en financiamento comunitario. Neste curso, a explicación das políticas comunitarias complementábase cunha visión práctica sobre como acceder ao financiamento, co obxectivo de fornecer ferramentas ás entidades para participar en proxectos europeos ou actuar en rede a nivel da Unión.”

Pola súa banda, a **Estratexia Galega de responsabilidade social empresarial (RSE) 2023-2025** identifica como un dos seus obxectivos “Fomentar redes de colaboración que faciliten o intercambio de experiencias e coñecemento entre empresas e permitan crear un diálogo fluído e constante con outros axentes da sociedade galega”. A formación das entidades galegas en materia de financiamento comunitario a través de programa de especialización en financiamento comunitario TEcEuropa contribúe á creación destas redes de colaboración entre as entidades participantes.

Finalmente, este obxectivo tamén está aliñado coa **Estratexia Galega de Especialización Intelixente RIS3**, a estratexia global de Galicia para mellorar a competitividade, o crecemento económico e o emprego sostible e de calidade a través da innovación, que busca sentar as bases que impulsen a maior colaboración e presenza na contorna nacional, europea e internacional de empresas, axentes e administración. A Estratexia RIS3 identifica como desafío relativo ás persoas “Capacitar ás persoas nos nichos de oportunidade a futuro” e como desafío relativo ao posicionamento “Incrementar a participación en redes, consorcios e programas de índole nacional, europeo e internacional”. As accións da FGE neste obxectivo estratéxico dan resposta a estes desafíos.

2.- OBXECTIVOS OPERATIVOS

Os obxectivos operativos asociados ao obxectivo estratéxico son os seguintes

- 2.1 Obxectivo operativo 2.1: Mellorar o acceso ás distintas fontes de financiamento comunitario
- 2.2 Obxectivo operativo 2.2: Formar ás entidades galegas en materia de financiamento comunitario
- 2.3 Obxectivo operativo 2.3: Facilitar a comunicación dos proxectos europeos con participación galega

2.1 Obxectivo operativo 2.1 “Mellorar o acceso ás distintas fontes de financiamento comunitario”

A FGE pretende servir de porta de entrada ao mundo do financiamento comunitario, para o que conta cunha guía de financiamento propia referida ao actual marco financeiro plurianual 2021-2027 e un apartado específico no seu sitio web. Actualmente está en conversas coa Consellería de Facenda para prestarlle apoio na comunicación da execución dos fondos estruturais en Galicia.

Cadro resumo dos indicadores de resultados asociados xunto cos valores estándar que se pretenden acadar:

Indicador	Valor de partida	Valor estándar
Indicador 2.1.1 Visitas á páxina web dedicada ao financiamento comunitario	522	750

Responsable/s	Directora da oficina de Bruxelas			
Vixencia do obxectivo	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Planificación das actuacións clave para acadar o obxectivo pretendido:	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
1Difusión en RRSS e no boletín FGE da Guía de Financiamento Comunitario	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Indicadores/Resultados esperados	2024		2025	
Indicador 2.1.1	700		750	

Visitas á páxina web dedicada ao financiamento comunitario

Recursos	2024	2025
A.-Materiais	Ferramentas informáticas	
B.-Humanos	0,20	0,20
C.-Económicos	17.075€	17.568€

4 Persoal técnico, compartidos con outros obxectivos (12%) - 3 Administrativo/a, compartido con outros obxectivos (8%)

2.2 Obxectivo operativo 2.2: Formar ás entidades galegas en materia de financiamento comunitario

A FGE conta co seu programa de especialización en financiamento comunitario, TecEuropa, co obxectivo de axudar ás entidades galegas a comprender a lóxica dos programas de financiamento e de crear unha rede de técnicos en Galicia especializados en proxectos europeos

Cadro resumo dos indicadores de resultados asociados xunto cos valores estándar que se pretenden acadar:

Indicador	Valor de partida	Valor estándar
Indicador 2.2.1 Entidades participantes en cursos en liña	175	180
Indicador 2.2.2 Entidades participantes en cursos presenciais	0	30
Indicador 2.2.3 Propostas presentadas	105	130

Responsable/s Directora da oficina de Bruxelas

Vixencia do obxectivo	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Planificación das actuacións clave para acadar o obxectivo pretendido:	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
1 Enquisa aos participantes ao ano seguinte da súa asistencia ao curso				<input checked="" type="checkbox"/>

2 Campaña en RRSS, mailings e nota de prensa das convocatorias de TecEuropa	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
---	-------------------------------------	-------------------------------------	-------------------------------------	-------------------------------------

Indicadores/Resultados esperados	2024	2025
Indicador 2.2.1		
Entidades participantes en cursos en línea	170	180
Indicador 2.2.2		
Entidades participantes en 130 cursos presenciais	15	30
Indicador 2.2.3		
Propostas presentadas	105	130
Recursos	2024	2025
A.-Materiais	Paquetes ofimáticos, plataforma de video chat, equipos informáticos	
B.-Humanos	0,56	0,56
C.-Económicos	94.777€	81.058€

4 Persoal técnico, compartidos con outros obxectivos (40%) - 3 Administrativo/a, compartido con outros obxectivos (16%)

2.3 Obxectivo operativo 2.3: Facilitar a comunicación dos proxectos europeos con participación galega

A FGE pon a disposición das entidades galegas a súa sala de conferencias para celebrar reunións relacionadas cos proxectos europeos e axuda a difundir este tipo de proxectos en RRSS e a través da súa web. A difusión de resultados dos proxectos adoita ser requisitos indispensable na xestión de proxectos europeos.

Cadro resumo dos indicadores de resultados asociados xunto cos valores estándar que se pretenden acadar:

Indicador	Valor de partida	Valor estándar
Indicador 2.3.1	57	118
Horas de sala utilizada por terceiros		

Responsable/s Administradora da FGE en Bruxelas

Vixencia do obxectivo	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS

	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
--	-------------------------------------	-------------------------------------	-------------------------------------	-------------------------------------

Indicadores/Resultados esperados	2024	2025
Indicador 2.3.1		
Horas de sala utilizada por terceiros	58	60
Recursos	2024	2025
A.-Materiais	Salas de reunións, pantalla interactiva, plataforma de video chat	
B.-Humanos	0,26	0,26
C.-Económicos	22.966€	23.396€

4 Persoal técnico, compartidos con outros obxectivos (12%) - 3 Administrativo/a, compartido con outros obxectivos (14%)

OBXECTIVO ESTRATÉXICO Nº 3

1.-OBXECTIVO ESTRATÉXICO Nº 3: INFORMAR E SENSIBILIZAR SOBRE A UNIÓN EUROPEA EN GALICIA

1.1 Antecedentes e diagnóstico de situación

Nos anos 90 a FGE centrouse na publicación de obras e normativa comunitaria en lingua galega coa edición de preto de 30 obras divididas en tres coleccións: Monografías, con títulos como “Europa ao seu alcance”, Normativa Comunitaria e Textos Básicos da Unión Europea. Comezou tamén a elaboración dun boletín mensual en colaboración cos centros da rede galega de información europea creada en 1997. A distribución en papel do Boletín Galicia Europa chegaba en 2002 a 1.800 destinatarios como concellos, universidades e centros xuvenís.

A nivel interno, nos anos 2000 a FGE elaboraba informes quincenais e semestrais sobre a Unión Europea, información que foi trasladando pouco a pouco aos medios dixitais coa creación dunha primeira páxina web en 1996, unha nova en 2007, e a actual, posta en marcha en 2022.

A FGE iniciouse nas redes sociais en 2010, nas que hoxe conta con máis de 6.000 seguidores. O boletín electrónico mensual chega hoxe a 1.400 subscritores e o H web recibe unha media de 1.680 visitas por mes.

Hoxe en día, a FGE utiliza o seu sitio web e as redes sociais para en informar en Galicia sobre a evolución das políticas europeas, a participación galega nos asuntos europeos e as oportunidades de emprego e prácticas nas institucións .

Retos ou metas que se perseguen con este obxectivo

- Conseguir unha sociedade galega mellor informada sobre as políticas promovidas pola UE
- Fomentar unha maior e mellor participación dos axentes públicos e privados galegos na elaboración de políticas europeas
- Aumentar a presenza de galegos nas institucións comunitarias

1.2 Aliñamento co Plan Estratégico 2022-2030

Tendo en conta a estrutura do PEG 22-30, este obxectivo está aliñado co seguinte obxectivo estratéxico:

OE 5.3.1 fortalecer a colaboración, cooperación e coordinación das diferentes administracións públicas en busca da eficiencia na xestión do gasto público e da mellora dos servizos á cidadanía. En concreto, no OO03 Accións para a promoción,

impulso e fortalecemento da acción exterior de Galicia e apoio á presenza efectiva da Xunta naqueles foros de ámbito comunitario abertos á participación autonómica.

1.3 Aliñamento con outros Plans Estratéxicos sectoriais

A actual EGAEX recolle no punto 437 a necesidade de “estimular e propiciar unha maior implicación de axentes públicos e actores privados no seguimento das políticas europeas, desde a súa xénese inicial até a súa implementación (...) A miúdo sorprende que propostas que é sabido que van ser unha ineludible realidade xurídica europea en cuestión de dúas ou tres anos, nin sequera sexan detectadas polos máis interesados ou potencialmente damnificados, a pesar do gran nivel de transparencia que teñen os debates prenormativos no conglomerado institucional da UE”. Esta é a razón pola que a FGE se esforza en explicar as políticas europeas en Galicia.

O borrador da nova EGAEX tamén recolle que a información que oferta a FGE a través da súa web, boletíns electrónicos e redes sociais están encamiñadas a que axentes públicos e actores privados sexan máis proactivos na elaboración e implementación das políticas europeas.

2.- OBXECTIVOS OPERATIVOS

Os obxectivos operativos asociados ao obxectivo estratéxico son os seguintes

- 2.1 Obxectivo operativo 3.1: Ofrecer información europea a través da súa web dende unha perspectiva galega
- 2.2 Obxectivo operativo 3.2: Difundir información europea a través das redes sociais
- 2.3 Obxectivo operativo 3.3: Elaborar publicacións con información comunitaria

2.1. Obxectivo operativo 3.1: Ofrecer información europea a través da súa web dende unha perspectiva galega

A través deste obxectivo perséguese achegar ao maior número de cidadáns a información sobre a UE

Cadro resumo dos indicadores de resultados asociados xunto cos valores estándar que se pretenden acadar:

Indicador	Valor de partida	Valor estándar
Indicador 3.1.1 Usuarios web	17.971	30.000

Responsable/s Asesora técnica de políticas europeas

Vixencia do obxectivo	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Planificación das actuacións clave para acadar o obxectivo pretendido:	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
1 Publicacións en RRSS para atraer público cara a web	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
2 Dar publicidade ao boletín electrónico, composto de ligazóns coa web	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Indicadores/Resultados esperados	2024	2025
Indicador 3.1.1 Usuarios web	28.000	30.000

Recursos	2024	2025
A.-Materiais	Ferramentas informáticas	
B.-Humanos	0,32	0,32
C.-Económicos	26.872€	27.126€

4 Persoal técnico, compartidos con outros obxectivos (15%) - 3 Administrativo/a, compartido con outros obxectivos (17%)

2.2 Obxectivo operativo 3.2: Difundir información europea a través das redes sociais

A FGE actualiza a diario os seus perfís con contidos relacionados coa UE cunha perspectiva galega. Leva a cabo campañas informativas específicas como no Día de Europa, a Semana Europea das Rexións e Cidades ou con motivo das eleccións europeas.

Cadro resumo dos indicadores de resultados asociados xunto cos valores estándar que se pretenden acadar:

Indicador	Valor de partida	Valor estándar
Indicador 3.2.1 Número de seguidores	6.550	7.500
Indicador 3.2.2 Número de impresións	262.226	270.000
Indicador 3.2.3 Número de campañas de comunicación	4	5

Responsable/s: Asesora técnica en asuntos europeos

Vixencia do obxectivo	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Planificación das actuacións clave para acadar o obxectivo pretendido:	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
	1. Contratar una asistencia técnica en comunicación	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Indicadores/Resultados esperados	2024	2025
Indicador 3.2.1 Número de seguidores	7000	7500
Indicador 3.2.2 Impresións	265.000	270.000
Indicador 3.2.3 Campañas de comunicación	5	5

Recursos	2024	2025
A.-Materiais	Ferramentas informáticas, equipos informáticos, ferramenta de deseño de contido	

B.-Humanos	0,21	0,21
C.-Económicos	20.044€	20.728€

4 Persoal técnico, compartidos con outros obxectivos (14%) - 2 Administrativo/a, compartido con outros obxectivos (7%)

2.3 Obxectivo operativo 3.3: Elaborar publicacións con información comunitaria

A FGE elabora un boletín electrónico mensual, colabora coa revista ECO con contribucións mensuais, elabora un informe cuatrimestral para o Consello da Xunta e resume na súa memoria anual a participación galega en asuntos comunitarios

Cadro resumo dos indicadores de resultados asociados xunto cos valores estándar que se pretenden acadar:

Indicador	Valor de partida	Valor estándar
Indicador 3.3.1 Nº de publicacións	27	29
Indicador 3.3.2 Nº subscritores ao boletín electrónico	1.294	1.500 (non acumulativo)
Indicador 3.3.3 Taxa de apertura boletín electrónico	26%	28% (non acumulativo)

Responsable/s Asesora técnica de políticas europeas

Vixencia do obxectivo	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Planificación das actuacións clave para acadar o obxectivo pretendido:	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
	1 Contratación de asistencia técnica en comunicación	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Indicadores/Resultados esperados	2024	2025
Indicador 3.3.1 Nº de publicacións	28	29
Indicador 3.3.2 Nº subscritores ao boletín electrónico	1.400	1.500
Indicador 3.3.3 Taxa de apertura boletín electrónico	27%	28%
Recursos	2024	2025

A.-Materiais	Equipos informáticos, paquetes ofimáticos, ferramentas informáticas, ferramenta de difusión	
B.-Humanos	0,45	0,45
C.-Económicos	37.592€	38.118€

4 Personal técnico, compartidos con outros obxectivos (28%) - 4 Administrativo/a, compartido con outros obxectivos (17%)

OBXECTIVO ESTRATÉXICO Nº 4

1.-OBXECTIVO ESTRATÉXICO Nº 4: FORMAR EN ASUNTO EUROPEOS

1.1 Antecedentes e diagnóstico de situación

No tocante á formación, a FGE puxo en marcha varios programas de bolsas durante os anos 90: para realizar estudos de integración europea en centros universitarios de prestixio como o Colexio Europeo de Bruxas e para a realización de prácticas, ben sexa nas institucións comunitarias, na propia FGE ou nos centros da Rede de Información Europea en Galicia. O único programa que perdura ata hoxe son as prácticas na oficina de Bruxelas da FGE, das que se benefician cinco mozos por ano.

En total, máis de 500 persoas puideron beneficiarse destas bolsas de formación, das que moitas traballan no eido comunitario. En varias ocasións a FGE tratou de poñer en marcha unha rede de ex-bolseiros: co Foro Galicia Europa en 2003 e, actualmente, cun grupo na rede LinkedIn.

O persoal das entidades que compoñen o padroado tamén se puido beneficiar durante anos dunha modalidade de prácticas na oficina de Bruxelas. Primeiro dun mes de duración e despois dunha semana, tempo no que recibían o apoio e asesoramento do persoal da oficina para que a súa estadía fose proveitosa.

Por último, a oficina de Santiago acolleu nos últimos anos a máis de 20 estudantes universitarios en prácticas e a de Bruxelas a varios bolseiros doutras entidades galegas como o IGAPE, o Eixo Atlántico ou Grupo Compostela Universidades. Nos seus máis de 30 anos de existencia, máis de 500 persoas tiveron a oportunidade de coñecer de preto a UE a través das súas bolsas de formación.

Retos ou metas que se perseguen con este obxectivo

- Especializar a mozos graduados nas políticas europeas para que o poidan aplicar nas súas carreiras profesionais
- Aumentar a empregabilidade dos graduados galegos
- Aumentar a presenza de galegos nas institucións comunitarias
- Mellorar a comprensión das políticas europeas por parte do persoal da administración pública autonómica

1.2 Aliñamento co Plan Estratéxico 2022-2030

Tendo en conta a estrutura do PEG 22-30, este obxectivo está aliñado cos seguintes obxectivos estratéxicos:

OE 1.1.1 Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entra a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso

ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional e da orientación fomentando a igualdade de oportunidades.

OE 1.2.2 Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado.

En concreto co obxectivo operativo 1.2.2.OO01: Fomentar e apoiar os programas de prácticas formativas e de mobilidade transnacional, para a mellora da cualificación e para facilitar o acceso ao mercado laboral dos mozos e mozas.

Tanto a especialización de mozos graduados como a presenza de galegos nas institucións comunitarias é contribúe á defensa dos intereses de Galicia perante a UE e, por tanto, aos obxectivos do PEG.

1.3 Aliñamento con outros Plans Estratéxicos sectoriais

O punto 440 da **EGAEX** sinala a necesidade das institucións públicas galegas de “mellorar a difusión e a formación no concerne ás políticas públicas europeas, ao acervo da Unión e, en concreto, aos procedementos normativos e ao dereito substantivo ou material-sectorial da UE”

O borrador da futura EGAEX afirma que “resulta aconsellable incrementar a formación e sensibilización en Galicia sobre asuntos europeos, actualizando permanentemente os indispensables coñecementos”.

Este obxectivo tamén está aliñado **coa Estratexia Galega de Especialización Intelixente RIS3**, a estratexia global de Galicia para mellorar a competitividade, o crecemento económico e o emprego sostible e de calidade a través da innovación. Adecúase co obxectivo estratéxico 5 (aproveitar a Marca Galicia para posicionarse en I+D+i) e intégrase no programa Posiciona.

2.- OBXECTIVOS OPERATIVOS

Os obxectivos operativos asociados ao obxectivo estratéxico son os seguintes

2.1 Obxectivo operativo 4.1: Formar a mozos e mozas en asuntos europeos

2.1. Obxectivo operativo 4.1: Formar a mozos e mozas en asuntos europeos

A FGE selecciona cada ano a cinco novos graduados vinculados a Galicia para realizaren prácticas remuneradas na oficina da FGE en Bruxelas durante 11 meses (12 no caso da bolsa de especialización en I+D+i).

Cadro resumo dos indicadores de resultados asociados xunto cos valores estándar que se pretenden acadar:

Indicador	Valor de partida	Valor estándar
Indicador 4.1.1 Nº de bolseiros	5	5
Indicador 4.1.2 Horas destinadas á titorización polo persoal técnico	1.443	1.443
Indicador 4.1.3 Taxa de empregabilidade ao cabo dun ano	100%	100%

Responsable/s Asesoras técnicas de políticas europeas, administradora da oficina de Bruxelas, directora da oficina de Bruxelas

Vixencia do obxectivo	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Planificación das actuacións clave para acadar o obxectivo pretendido:	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
	1 Convocatoria anual de bolsas	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
2 Selección dos bolseiros	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Indicadores/Resultados esperados	2024	2025
Indicador 4.1.1 Nº de bolseiros	5	5
Indicador 4.1.2 Horas destinadas á titorización polo persoal técnico	1.443	1.443
Indicador 4.1.3 Taxa de empregabilidade ao cabo dun ano	100%	100%

Recursos	2024	2025
A.-Materiais	Equipos informáticos, paquetes ofimáticos, espacios de trabajo	
B.-Humanos	0,84	0,84
C.-Económicos	195.026€	198.921€

3 Persoal técnico, compartidos con outros obxectivos (39%) - 3 Administrativo/a, compartido con outros obxectivos (45%)

OBXECTIVO ESTRATÉGICO Nº 5

1.-OBXECTIVO ESTRATÉGICO Nº 5: APOIAR AOS MOZOS E MOZAS GALEGOS COMO CIDADÁNS ACTIVOS E PARTICIPATIVOS NO PROCESO DE CONSTRUCCIÓN EUROPEA (EUROXUVENTUDE)

1.1 Antecedentes e diagnóstico de situación

A sinatura dun convenio en 1997 co departamento da Xunta competente en materia de xuventude deu pé á Oficina Europea de Información Xuvenil, que, durante máis de 20 anos, ofreceu información sobre as posibilidades de formación e traballo na UE. En 2019 esta oficina pasa a converterse na plataforma virtual EuroXuventude, que segue a ofrecer información sobre a UE adaptada ao público máis novo.

En 2004, a FGE emprendeu un primeiro proxecto europeo, “Participa”, de promoción dos mozos na vida pública, que foi seguido de catro máis: Ecoinnova, Emprende, Lidera e **Eurocidade** 2020. Estes proxectos deron a oportunidade a centos de persoas novas de achegarse ás políticas e programas de financiamento europeos. Moitas recibiron apoio personalizado para emprender e dinamizar así ás áreas nas que viven. Hoxe, a FGE está inmersa en seis proxectos europeos relacionados co apoio á xuventude nas áreas rurais.

Retos ou metas que se perseguen con este obxectivo

- Dotar a mocidade galega de ferramentas necesarias que lles permitan explorar as oportunidades existente no ámbito europeo
- Promover unha cidadanía activa e participativa no proceso de construción comunitaria.
- Contribuír ao desenvolvemento económico e social en zonas rurais

1.2 Aliñamento co Plan Estratégico 2022-2030

Tendo en conta a estrutura do PEG 22-30, este obxectivo está aliñado cos seguintes obxectivos estratéxicos:

OE 1.2.2 Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado

OE 3.5.6 Contribuír ao desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego

1.3 Aliñamento con outros Plans Estratéxicos sectoriais

[Plan Estratéxico da Xuventude de Galicia 2021](#). Eixo 6 “Participación e asociacionismo”

2.- OBXECTIVOS OPERATIVOS

Os Obxectivos operativos asociados ao Obxectivo estratéxico son os seguintes

2.1 Obxectivo operativo 5.1: Informar aos mozos das oportunidades que ofrece a UE

2.2 Obxectivo operativo 5.2: Participación en proxectos europeos

2.1. Obxectivo operativo 5.1: Informar aos mozos das oportunidades que ofrece a UE

Cadro resumo dos indicadores de resultados asociados xunto cos valores estándar que se pretenden acadar:

Indicador	Valor de partida	Valor estándar
Indicador 5.1.1 Nº visitas ás noticias #EuroXuventude en web	912	925
Indicador 5.1.2 Nº interaccións en RRSS	2.312	3.500
Indicador 5.1.3 Participantes en webinars EuroXuventude	75	85

Responsable/s Coordinadora de EuroXuventude

Vixencia do obxectivo	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Planificación das actuacións clave para acadar o obxectivo pretendido:

	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
1 Contratación dunha asistencia externa e comunicación	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Indicadores/Resultados esperados	2024	2025
Indicador 5.1.1 Nº noticias #EuroXuventude en web	920	925
Indicador 5.1.2 Nº interaccións en RRSS	3.000	3.500
Indicador 5.1.3 Participantes en webinars EuroXuventude	80	85

Recursos	2024	2025
A.-Materiais	Ferramentas informáticas, equipos informáticos, plataforma de video chat	
B.-Humanos	0,18	0,18
C.-Económicos	17.838€	27.000€

4 Persoal técnico, compartidos con outros obxectivos (14%) - 1 Administrativo/a, compartido con outros obxectivos (4%)

2.2 Obxectivo operativo 5.2: Participación en proxectos europeos

Cadro resumo dos indicadores de resultados asociados xunto cos valores estándar que se pretenden acadar:

Indicador	Valor de partida	Valor estándar
Indicador 5.2.1 Nº de beneficiarios dos proxectos nos que participa a FGE	300	400 (Non acumulativo)
Indicador 5.2.2 Financiamento europeo recibido pola FGE	5.645	155.424

Responsable: Coordinadora Euroxuventude

Vixencia do obxectivo	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Planificación das actuacións clave para acadar o obxectivo pretendido:	2024		2025	
	1º S	2ºS	1º S	2ºS
1.Organización de actividades para mozos no marco dos proxectos europeos nos que participa a FGE	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
2. Xestión e xustificación económica dos proxectos	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
3. Estudo de novas propostas de proxectos	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Indicadores/Resultados esperados	2024		2025	
Indicador 5.2.1 Nº de beneficiarios dos proxectos nos que participa a FGE	350		400	

Indicador 5.2.2		
Financiamento europeo recibido pola FGE	109.939	45.485
Recursos	2024	2025
A.-Materiais	Equipos informáticos, paquetes ofimáticos, salas de reunións	
B.-Humanos	1,10	1,10
C.-Económicos	135.716€	177.523€

3 Persoal técnico, compartidos con outros obxectivos (46%) - 3 Administrativo/a, compartido con outros obxectivos (64%)

ANEXO II: Cadro resumo de indicadores

OBXECTIVO OPERATIVO	INDICADOR	VALOR DE PARTIDA	VALOR ESTÁNDAR
Obxectivo operativo 1.1 Fomentar o diálogo directo entre responsables políticos e técnicos das administracións europea e autonómica	Indicador 1.1.1 Organización de encontros virtuais Xunta- FGE	8	8
	Indicador 1.1.2 Nº de empregados públicos formados en coñecemento da axenda europea	155	180
	Indicador 1.1.3 Transmisión de posición galega no CdR	40,5	44
	Indicador 1.1.4 Apoio á participación galega no Consello	15	18
	Indicador 1.1.5 Reunións de alto nivel político Xunta-UE	10,5	12
Obxectivo operativo 1.2 Deseñar e poñer en marcha estratexias para a defensa dos intereses galegos na UE	Indicador 1.2.1 Participación en redes de cooperación rexional	179	200
	Indicador 1.2.2 Debates ou expedientes obxecto de seguimento	16,5	19
	Indicador 1.2.3 Oportunidades detectadas de participación galega	9	20
	Indicador 1.2.4 Actuacións da Xunta de Galicia en iniciativas europeas	7,5	9
	Indicador 1.2.5 Nº de horas de uso da sala da FGE	44	105
	Indicador 1.2.6 Foros organizados pola FGE en Bruxelas	3	4
	Indicador 1.2.7 Reunións FGE-Xunta de Galicia sobre as políticas europeas	2	4

OBXECTIVO OPERATIVO	INDICADOR	VALOR DE PARTIDA	VALOR ESTÁNDAR
Obxectivo operativo 2.1 Mellorar o acceso ás distintas fontes de financiamento comunitario	Indicador 2.1.1 Visitas á páxina web dedicada ao financiamento comunitario	552	750
Obxectivo operativo 2.2 Formar ás entidades galegas en materia de financiamento comunitario	Indicador 2.2.1 Entidades participantes en cursos en línea	175	180
	Indicador 2.2.2 Entidades participantes en cursos presenciais	0	30
	Indicador 2.2.3 Propostas presentadas	105	130
Obxectivo operativo 2.3 Facilitar a comunicación dos proxectos europeos con participación galega	Indicador 2.3.1 Horas de sala utilizada por terceiros	57	118

OBXECTIVO OPERATIVO	INDICADOR	VALOR DE PARTIDA	VALOR ESTÁNDAR
Obxectivo operativo 3.1 Ofrecer información europea a través da súa web dende unha perspectiva galega	Indicador 3.1.1 Usuarios web	17.971	30.000
Obxectivo operativo 3.2 Difundir información europea a través das redes sociais	Indicador 3.2.1 Seguidores en redes sociais	6.550	7.500
	Indicador 3.2.2 Impresións	262.226	270.000
	Indicador 3.2.3 Campañas de comunicación	4	5
Obxectivo operativo 3.3 Elaborar publicacións con información comunitaria	Indicador 3.3.1 Nº de publicacións	27	29
	Indicador 3.3.2 Nº subscritores ao boletín electrónico	1.294	1.500
	Indicador 3.3.3 Taxa de apertura boletín electrónico	26%	28%

OBXECTIVO OPERATIVO	INDICADOR	VALOR DE PARTIDA	VALOR ESTÁNDAR
Obxectivo operativo 4.1 Formar a mozos e mozas en asuntos europeos	Indicador 4.1.1 Nº de bolseiros	5	5
	Indicador 4.1.2 Horas destinadas á titorización polo persoal técnico	1.443	1.443
	Indicador 4.1.3 Taxa de empregabilidade ao cabo dun ano	100%	100%

OBXECTIVO OPERATIVO	INDICADOR	VALOR DE PARTIDA	VALOR ESTÁNDAR
Obxectivo operativo 5.1 Informar aos mozos das oportunidades que ofrece a UE	Indicador 5.1.1 Nº noticias #EuroXuventude en web	912	925
	Indicador 5.1.2 Nº interaccións en RRSS	2.312	3.500
	Indicador 5.1.3 Participantes en webinars EuroXuventude	75	85
Obxectivo operativo 5.2 Participación en proxectos europeos	Indicador 5.2.1 Nº de beneficiarios dos proxectos nos que participa a FGE	300	400
	Indicador 5.2.2 Financiamento europeo recibido pola FGE	5.645	155.424

ANEXO III: Fichas descriptivas de cada indicador

INDICADOR	Organización de encontros virtuais Xunta-UE	Código: 1.1.1	
Entidade	Fundación Pública Galicia Europa		
Obxectivo estratéxico	Defender os intereses de Galicia ante a UE		
Obxectivo operativo	1.1 Fomentar o diálogo directo entre responsables políticos e técnicos das administracións europea e autonómica		
Descrición	Foro virtual de debate mensual entre as institucións europeas e a administración autonómica que organiza a Fundación Pública Galicia Europa sobre un tema concreto de cada vez		
Unidades de medida	Numérico		
Fórmula de cálculo			
Periodicidade	Anual		
Fonte de información	Web: https://fundaciongaliciaeuropa.eu/actividades/encontros-virtuais/		
Responsable do indicador:	Asesora técnica en políticas europeas		
Valor de referencia	8 – valor de 2023)		
Valor estándar	8		
Vixencia do indicador	2024-20205		
